



MEXILLÓN DE GALICIA
• **Consello Regulador** •

26.01.2012

2012/D001CR

OPINIÓN:

Sobre a Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a Política Pesqueira Común. COM (2011) 425 final

ÍNDICE

Páx.

3 PRESENTACIÓN

A mitilicultura en Galicia: Estratexia Europa 2020.

5 INTRODUCCIÓN

Mitilicultura versus outros cultivos mariños

7 A política alimentaria europea: a PPC e a PAC.

9 PROPOSTAS

Artigo 5 - Definicións.

10 Artigo 43 - Promoción da acuicultura

11 Artigo 44 - Consello Consultivo da Acuicultura

Artigo 45 - Organización Común de Mercados - Obxectivos.

PRESENTACIÓN

Como recoñecemento á especificidade dos procesos de cultivo e á calidade dos produtos obtidos da acuicultura do mexillón en Galicia a Comisión Europea inscribiu no Rexistro das Denominacións de Orixe ao “Mexillón de Galicia” [Regulamento (CE) nº 1050/2007¹].

O Consello Regulador do Mexillón de Galicia (CRMG) é a entidade de xestión da Denominación de Orixe Protexida (DOP) e nel están representados o sector produtivo primario, a depuración, a transformación e a comercialización.

O Consello Regulador do Mexillón de Galicia é membro fundador da Asociación Europea de Produtores de Moluscos (AEPM) e como tal participa no diálogo coas institucións europeas no seno do CCPA.

A mitilicultura en Galicia: Estratexia Europa 2020².

O "Mexillón de Galicia®" é un produto da actividade acuícola denominada mitilicultura (incluído dentro da conquicultura, cultivo de moluscos de concha). A mitilicultura galega, como en xeral a conquicultura europea, é un modelo extensivo de produción de alimentos, practicada no medio natural, amigable co medio e que realiza servizos ecosistémicos positivos (axuda a controlar a eutrofización costeira e, a través da formación das súas estruturas calcáreas, actúa como sumidoiro de CO₂ atmosférico).

En Galicia a mitilicultura é exercida por aproximadamente 2.400 microempresas na súa maioría de carácter familiar integradas en entidades asociativas (e estas á súa vez en entidades de segundo grao), que xeran 7.000 empregos directos e unha produción variable en torno a los 250-300 millóns de quilos anuais, e que induce outros 8.000 postos de traballo indirecto e unha facturación total superior aos 470 millóns de euros anuais.

Así pois a mitilicultura galega é un sistema de produción de alimentos extensivo no que se fai uso dos recursos naturais (renovables) co máximo rendemento e o mínimo deterioro, que está fortemente ligado ás comunidades e aos ecosistemas locais, e que posúe un importante valor socioeconómico, ecolóxico e cultural.

¹ Regulamento (CE) nº 1050/2007 da Comisión, de 12 de setembro de 2007, polo que se inscriben certas denominacións no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas e de Indicacións Xeográficas Protexidas [Mexillón de Galicia o Mexillón de Galicia (DOP)]. Diario Oficial da Unión Europea L 240 del 13.09.2007.

² Comunicación da Comisión EUROPA 2020. Unha estratexia para o crecemento intelixente, sostible e integrador. COM (2010) 2020 final. Bruxelas 03.03.2010

Si trasladamos esta realidade á linguaxe da Estratexia Europa 2020, podemos definir o cultivo de mexillón en Galicia –e en xeral o cultivo de moluscos bivalvos en Europa³.- como:

- (a)** unha tecnoloxía verde de produción de alimentos de calidade, que fai uso eficaz dos recursos naturais⁴,
- (b)** activa contra o cambio climático xa que máis alá de ser unha produción hipocarbónica, contribúe á fixación CO₂ atmosférico⁵,
- (c)** unha actividade económica sostible e integradora, que ten un importante papel social e de redistribución de rendas, e
- (d)** ao desenvolverse nunha rexión obxectivo de converxencia, Galicia, contribúe á cohesión territorial europea.

Por todo elo a mitilicultura galega (e en xeral a conculicultura europea) é unha actividade encadrada perfectamente na Estratexia Europa 2020, motivo suficiente para dedicarlle unha especial protección.

³ Outros exemplos destacados deste tipo de acuicultura extensiva e integradora encontrámoslos nas rexións europeas de *Charente Maritime* y *Bretagne* (ostra) ou en *Emilia-Romagna* (ameixa), onde a conculicultura tamén ten larga tradición e importancia social contrastada.

⁴ O cultivo de moluscos é un modelo de produción de alimentos “100% natural” e unha forma moi eficiente de aproveitamento do potencial produtivo natural das áreas costeiras (ou de outra forma, da enerxía que flúe a través do ecosistema). Non require da adición de insumos alleos ao medio e os organismos cultivados sitúanse nos primeiros eslabóns da cadea trófica (os moluscos bivalvos son consumidores primarios - herbívoros).

Por tanto, a conculicultura rexistra unha eficiencia enerxética e medioambiental moi superior á rexistrada por moitas das outras formas de produción animal, nas cales o aproveitamento da enerxía natural do sistema é significativamente menor: ben porque se cultivan organismos situados en eslabóns tróficos superiores, ben porque requiren da adición de insumos extras alleos ao sistema para manter los volumes de produción.

Recordar neste punto que la Comisión resaltou que a Europa futura necesita utilizar eficientemente os recursos naturais para protexer activos ecolóxicos de gran valor, os servizos que estes prestan e a calidade de vida das xeracións actuais e futuras [COM(2011) 21 final]

⁵ Macías *et al.* (2005) estiman que anualmente o mexillón galego fixa 40.000 toneladas de CO₂ no proceso de formación das conchas.

[Macías F., Camps Arbostain M., Rodríguez Lado L. (2005). Alternativas de secuestro de carbono orgánico en suelos y biomasa de Galicia. Recursos Rurais 1 (1): 71-85. <http://www.ibader.org/archivos/docs/RRR-05-01-08.pdf>
Hammen C.S., Wilbur K.M. (1959). Carbon Dioxide Fixation in Marine Invertebrates. I. The main pathway in the oyster. *Journal of Biological Chemistry* 234 (5): 1268-1271.]

A maiores o cultivo do mexillón en Galicia axuda a controlar a eutrofización costeira fixando ao ano unhas 3.000 toneladas de nitróxeno y 275 toneladas de fósforo (datos estimativos baseados nas taxas de fixación de Lindahl *et al.*, 2005 e Gren *et al.*, 2009).

[Lindahl O., Hart R., Hernroth B., Kollberg S., Loo L.O., Olrog L., Rehnstam-Holm A.S., Svensson J., Svensson S., Syversen U. (2005). Improving Marine Water Quality by Mussel Farming: A Profitable Solution for Swedish Society. *Ambio* 34 (2): 131-138.

Gren I.M., Lindahl O., Lindqvist M. (2009). Values of mussel farming for combating eutrophication: An application to the Baltic Sea. *Ecological Engineering* 35: 935- 945.]

INTRODUCCIÓN

Consideramos de necesidade expoñer varios matices sobre cuestións que diferencian a conculicultura de outros tipos de cultivos, e elo para axudar a unha mellor comprensión das nosas propostas.

Mitilicultura versus outros cultivos mariños

O documento COM(2011)417⁶ (punto 2.2 parágrafo sexto) establece a diferenciación entre distintos tipos de acuicultura en base a actividade, e dise que a acuicultura da Unión é unha actividade de variadas facetas que abarca desde os cultivos extensivos e tradicionais na costa e en estanques, ata actividades industrializadas de alta tecnoloxía, en particular a piscicultura mariña.

No obstante omítese tal diferenza cando se fala da caracterización socioeconómica e medioambiental sen recoñecer distinción algunha entre unha e outra forma de acuicultura (acuicultura extensiva - acuicultura industrial) pese a que sexa marcadamente diferente. En consecuencia, é de xustiza que se recoñezan tamén estas diferenzas, como ocorre e se recoñece coa pesca artesanal⁷ fronte á pesca industrial.

É necesario pois considerar que existen distintas formas de acuicultura, que teñen características diferentes -cando non contrarias-, e que se resalte ademais que estas diferenzas orixinan necesidades distintas (cando non contrapostas) en ambas actividades: acuicultura extensiva vs. acuicultura intensiva -paralelamente a pesca artesanal vs. pesca industrial-.

Neste sentido en concreto a mitilicultura galega e en xeral a conculicultura europea caracterízanse, entre outras cuestións, por:

- os cultivos de bivalvos realízanse no medio aberto sen modificación das variables ambientais, nin aporte de insumos alleos ao ecosistema (pensos, produtos zosanitarios ou terapéuticos, etc.). Elo orixina a súa dependencia das condicións naturais, xa que sendo a conculicultura un cultivo 100% natural, require dun medio ambiente respectuoso con ela⁸ e de ferramentas para responder aos factores ambientais adversos que condicionan á produción e que están fora do dominio dos produtores.

⁶ Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións. Reforma da Política Común de Pesca. Bruxelas, 13.07.2011. COM(2011)417 final.

⁷ O termo pesca artesanal inclúe tamén ao marisqueo.

⁸ Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo e ao Consello Construír un futuro sostible para a acuicultura. Novo impulso á estratexia para o desenvolvemento sostible da acuicultura europea. COM (2009) 162 final.

- O seu considerable papel social, de multiplicador da economía local, de xerador de emprego e de redistribución de rendas. É unha actividade desenvolta por numerosas microempresas familiares. Por elo, a conculicultura europea necesita que se fortalezan e apoiem ás entidades organizativas nas que participan, para que a través delas os conculicultores poidan acometer actividades económico - comerciais máis alá da súa función produtiva. Que poidan realizar mediante proxectos colectivos accións eficientes de comercialización, marketing, I+D+i....
- A súa compatibilidade ambiental demostrada pola súa presenza histórica, que se manifesta nos efectos positivos que ten esta actividade sobre o medio ambiente. É necesario que se recoñeza o papel positivo que os cultivos de moluscos xogan nos lugares onde se asentan, que se deseñen indicadores de sostibilidade propios e acordos coa realidade da actividade e que se establezan axudas para valorizala e protexela como activo de futuro para a Europa costeira 2020⁹.
- A súa función na conformación da identidade cultural das rexións costeiras onde ten presenza. Da experiencia propia dos conculicultores producíronse procesos de innovación, cuxos resultados reflíctense nun grupo moi variado de prácticas de cultivo na busca da mellor adaptación ás características propias dos lugares onde se desenvolven. É necesario que a lexislación respecte os signos de identidade propios da actividade produtiva¹⁰. E para elo as entidades de xestión (Consellos Reguladores, no caso de Galicia) dos réximes de calidade¹¹ que son garantes do respecto a este saber facer propio e coidan do acervo cultural culinario europeo, deben ser tidas en consideración e promovidas xa que deben xogar un

⁹ Europa deberá incentivar novas actividades sostibles baseadas na investigación e a innovación, tomando como base e salvagardando actividades que xa hoxe son compatibles co medio ambiente e teñen significación económica desde unha base social ampla.

En este sentido son moitas as actividades económicas tradicionais (tamén na produción de alimentos) que na súa diversidade deben ser promovidas como garantía de futuro, xa que estas actividades conservan uns valores comúns (na preservación da biodiversidade natural -en todas as súas escalas-, na conservación da riqueza cultural, no mantemento da paisaxe natural...) e ademais na súa práctica histórica demostran que fixeron, fan e farán uso eficaz dos recursos naturais e humanos. Cuestión esta última, que lamentablemente en muchas ocasións non se valora nos seus xustos termos, e só se fai visible cando estas actividades son substituídas por outras en base unicamente a criterios de eficacia económica a curto prazo.

¹⁰ Hai que destacar ademais que estes signos identitarios (gastronómicos, produtivos...) son un activo de valor para outras actividades de economía marítima, especialmente o turismo costeiro. E é necesaria a súa conservación, para poder levar a cabo estratexias de diversificación de actividades e desenvolvemento de novos sectores (por exemplo turismo) baseados en produtos específicos - locais de calidade que traten de afastarse de ofertas estandarizadas - xenéricas.

¹¹ Referido ás figuras das DOP (Denominación de Orixe Protexida), IGP (Indicación Xeográfica Protexida) e ETG (Especialidade Tradicional Garantida); actualmente en revisión mediante Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre los réximes de calidade dos produtos agrícolas. COM(210) 733 final. Bruxelas 10.12.2010.

papel destacado no coidado do noso patrimonio colectivo e na promoción dos produtos locais de calidade europeos.

En resumen, para elaborar unha PPC eficiente, equitativa e coherente co resto de lexislación europea, debe subxacer -cando non materializar explicitamente- a idea de diferenciar claramente os dous tipos básicos de acuicultura, e que a nova PPC garante dentro dos *plans estratéxicos nacionais*, un réxime de xestión e apoio específico para a conculicultura como medio de preservar valores establecidos como irrenunciáveis e de grao superior.

A política alimentaria europea: a PPC e a PAC.

Os europeos nútrense dos produtos -alimentos- provenientes da agricultura, a gandería, a pesca e a acuicultura. Actividades todas que teñen un desenvolvemento desigual e unhas problemáticas específicas. Mostra de elo é a separación nas políticas de subministro alimentario en dúas vertentes, a terrestre por medio da PAC e a acuática por medio da PPC.

Ambas políticas están en proceso de reforma e aínda que parten de realidades distintas, que seguro requiren de políticas específicas, ningunha das dúas debera renunciar ao obxectivo común de todo o sector primario europeo de produción de alimentos: acadar desde a diversidade e a calidade, a soberanía alimentaria para Europa.

En este sentido é interesante, ambicioso e clarificador o documento da Comisión respecto da futura PAC (Comunicación da Comisión de 18 de novembro de 2010 denominada «A PAC no horizonte de 2020: Responder aos retos futuros no ámbito territorial, dos recursos naturais e alimentarios» [COM(2010) 672]) que recomenda a persecución dos tres obxectivos estratéxicos que transcribimos a continuación:

- Preservar o potencial de produción alimentaria sostible en todo o territorio da UE, a fin de garantir aos cidadáns europeos a seguridade alimentaria a longo prazo e de contribuír a satisfacer a demanda de alimentos mundial .../... A capacidade de Europa de garantir a seguridade alimentaria é unha importante elección a longo prazo que Europa non pode dar por sentada.
- Apoiar ás comunidades agrícolas que subministran aos cidadáns europeos produtos alimentarios variados, valiosos, de calidade e producidos de maneira sostible, de conformidade cos compromisos adquiridos pola Unión en materia de medio ambiente, calidade da auga, saúde e benestar animal e cuestións fito sanitarias. A xestión activa dos recursos naturais pola agricultura é clave para preservar a paisaxe rural e combater a perda de biodiversidade, á vez que contribúe á mitigación do cambio climático e á

adaptación aos seus efectos. Sobre esta base repousan o dinamismo dos territorios e a viabilidade económica a longo prazo.

- Manter comunidades rurais viables, nas que a agricultura é unha actividade económica importante creadora de emprego local, xa que produce múltiples beneficios económicos, sociais, medio ambientais e territoriais. Unha forte redución da produción local tamén tería incidencia nos gases de efecto invernadoiro e nos espazos naturais locais e limitaría as posibilidades de elección dos consumidores.

Os problemas específicos dunha parte da pesca europea (poboacións de peixes sobre explotadas, falla de rendibilidade de algúns segmentos da flota...) determinan os obxectivos que marca a nova PPC (fundamentalmente a consecución dunha verdadeira sostibilidade medioambiental para a pesca mediante o seu axuste ao rendemento máximo sostible) e a veces dilúe o obxectivo estratéxico que debera perseguir a longo prazo a PPC: a consecución dunha verdadeira soberanía alimentaria europea tamén para os produtos do mar. Máxime cando os produtos do mar se recoñecen en todos os ámbitos como alimentos de elevada calidade e cun perfil nutricional moi saudable.

As distintas PPC afastaron á UE deste obxectivo, e orixinaron unha Europa cada día máis deficitaria de produtos do mar e por tanto máis dependente de terceiros. Fronte a esta realidade, a nova PPC ademais de buscar a sostibilidade real para a flota industrial europea, debe salvaguardar decididamente aquelas producións primarias que como a conculicultura ou a pesca artesanal, son medio ambientalmente sostibles, están apoiadas sobre unha base social ampla, que subministran ao mercado produtos do mar de elevada calidade e diversidade. E estas actividades primarias deberían ser a base sobre a que se constrúa un sector comercializador acorde coa produción e cun mercado que promova o uso verdadeiramente eficiente dos recursos a través de prezos correctos que reflectan os custes reais do uso dos recursos e o seu impacto ambiental¹².

¹² Tal e como desenvolve o documento: Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións “Folla de ruta cara a unha Europa eficiente no uso dos recursos” [COM(2011) 571].

PROPOSTAS

Artigo 5 - Definicións.

O Artigo 5 - guión 20, establece unha definición de acuicultura:

- «acuicultura», a cría ou o cultivo de organismos acuáticos con técnicas encamiñadas a aumentar a produción dos organismos en cuestión por encima das capacidades naturais do medio; ditos organismos son, ao longo de toda a fase de cría ou cultivo e ata o momento da súa recollida, propiedade dunha persoa física ou xurídica;

Esta definición -estrito senso- non ten en consideración as especificidades da mitilicultura galega e en xeral de conculicultura europea, non se adapta á realidade da conculicultura. Para aumentar a produción por riba das capacidades naturais do medio é preciso controlar e modificar as variables de produción (alimentación dispoñible, ciclo, temperatura, etc.).

A conculicultura é unha actividade natural, que se realiza sen adición de insumos alleos ao medio (incluso sen achega alimentaria) e mediante a cal os moluscos se desenvolven grazas ao material nutritivo natural presente no medio natural, fitoplancto e materia orgánica particulada. Por elo é contraproducente tanto desde a perspectiva medioambiental como desde a produtiva querer que a conculicultura se encamiñe a aumentar a súa produción por enriba das capacidades naturais do medio. No caso da conculicultura extensiva aumentar a produción por enriba das capacidades naturais do medio contravén a filosofía de RMS¹³, e podería provocar o colapso produtivo. Ben ao contrario os seu maior garante de calidade e sostibilidade pasa polo RMS, axustando as súas capacidades de produción ás capacidades naturais de produción alimentaria do medio, optimizando a relación densidade de cultivo - capacidade nutritiva natural.

Nese sentido e a fin de evitar pluralidade de definicións, consideramos máis axustada a definición de acuicultura incluída no Glosario de FAO¹⁴, polo cal propoñemos modificar o Artigo 5 guión (20):

¹³ RMS - Rendemento Máximo Sostible

¹⁴ Crespi, V.; Coche, A. (comps). Glossary of aquaculture/Glossaire d'aquaculture/Glosario de acuicultura. Rome, FAO. 2008. 401p.

Artigo 5

- «acuicultura», cultivo de organismos acuáticos en áreas continentais ou costeiras, que implica por un lado a intervención no proceso de crianza para mellorar a produción e polo outro a propiedade individual o empresarial do stock cultivado.

Artigo 43 - Promoción da acuicultura

Consideramos positivo, ao igual que a Comisión, que a UE promova fórmulas de acuicultura sostibles a desenvolver no futuro, como xa na actualidade é a mitilicultura galega¹⁵.

Para elo a Proposta de Regulamento preceptúa a elaboración dunhas directrices que constituirán a base dos plans estratéxicos nacionais plurianuais, e establece a finalidade que haberán de perseguir os citados plans plurianuais, e os seus obxectivos globais.

Ademais da finalidade e os obxectivos deses plans, consideramos de relevancia estratéxica establecer algunha limitación que, baixo o principio de precaución, evite posibles consecuencias irreversibles no prexuízo da pesca artesanal, o marisqueo ou a acuicultura "verde" preexistente, e máis se está recoñecida cunha Denominación de Orixe Protexida cal é o caso do Mexillón de Galicia ®.

Así pois, formúlase unha proposta de similar redacción á do Artigo 6, respecto da pesca industrial versus pesca artesanal (12 millas).

En consecuencia propoñemos engadir no Artigo 43:

Artigo 43.4 (b)

garantir aos operadores acuícolas a seguridade no que respecta o acceso ás augas e ao espazo en toda la Unión, con excepción das referidas el apartado 4 bis.

Artigo 43.4 bis

Para o desenvolvemento de acuicultura intensiva (industrial) declararanse novas zonas de cultivo, preferentemente off shore, dedicando aos cultivos tradicionais extensivos as actuais zonas de produción de moluscos e o espazo de precaución a elas circundante.

En todo caso o establecemento de zonas de reserva para a acuicultura extensiva e a pesca artesanal axudaría a garantir que a Europa futura siga

¹⁵ E en xeral a acuicultura extensiva europea.

contando cunha oferta de produtos acuáticos locais de calidade, caracterizada pola diversidade e a sostibilidade.

Artigo 44 - Consello Consultivo da Acuicultura

De partida o establecemento dun Consello Consultivo de Acuicultura, no que se reúnan os representantes sectoriais xunto cos Estados e a Comisión fortalecerá o diálogo nesta materia. Ao noso entender este Consello contribuirá, desde unha estratexia coordinada para o conxunto da UE, a solucionar as cuestións e problemas específicos que poidan xurdir no nivel rexional.

Non obstante pensamos que este Consello non pode substituír ao Comité Consultivo da Pesca e a Acuicultura (CCPA) xa que este seguirá sendo o único foro no que desde unha perspectiva común se traten os asuntos horizontais que afectan tanto á acuicultura como á pesca (mercado, normativa medioambiental e hixiénico sanitaria, etc.). Por elo demandamos que o CCPA se manteña e incluso se fortaleza.

Artigo 45 - Organización Común de Mercados - Obxectivos.

O Artigo 45 (e) establece como obxectivo: *garantir unhas condicións equitativas para todos os produtos comercializados na Unión -e elo- mediante a promoción dunha explotación sostible dos recursos pesqueiros.*

Ao noso entender subxacen neste apartado varias circunstancias:

* *unha explotación sostible dos recursos pesqueiros* non será garante dunhas condicións equitativas dos produtos no mercado, pois esta normativa é de aplicación aos suxeitos dos Estados membros, mentres que a falta de equidade pode provir de outros produtos que non teñan orixe comunitario (e en consecuencia desigual normativa de produción), e sobre os que carecemos de competencias e lexitimación para establecer condicións equitativas para todos os produtos desde a súa orixe.

* Si non podemos establecer iguais condicións de produción, baixo o obxectivo dunhas *condicións equitativas para todos os produtos comercializados na Unión* poderíamos estar fomentando produtos de terceiros países, o que irá en prexuízo da soberanía alimentaria comunitaria.

* Neste senso, os lexisladores europeos (Parlamento/Consello/Comisión) desde a obriga de defensa dos intereses propios da Unión deberían reforzar a idea do fomento dos produtos propios - autóctonos.

Así pois, e sen prexuízo de outras medidas, como fomento e promoción para os produtos autóctonos dunhas mellores condicións no mercado podemos referirnos especialmente ao fomento dos réximes de calidade dos produtos agroalimentarios¹⁶ que normativiza la propia Comisión.

En consecuencia propoñemos dentro dos obxectivos da OCM:

Artículo 45 (e)

(e) contribuir a garantir as mellores condicións comerciais aos produtos producidos, transformados e comercializados na Unión, mediante, entre outras medidas, os réximes de calidade dos produtos agroalimentarios¹⁶, sen prexuízo de garantir unhas condicións equitativas para todos os produtos comercializados na Unión.

Por elo, e demostrada a eficiencia destes réximes de calidade¹⁷ respecto á consecución dos apartados (a) e (b) deste Artigo 45, e por coherencia normativa con outras propostas regulamentarias que se están establecendo a este nivel, propoñemos incorporar no apartado (c):

Artigo 45 (c)

(c) *mellorar a competitividade do sector da pesca e a acuicultura da Unión, en especial dos produtores, entre outras medidas, mediante a promoción dos réximes de calidade dos produtos agroalimentarios, a cuxo fin terán especial consideración os entes que xestionan as citadas figuras de calidade.*

Así mesmo, respecto dos elementos subxectivos a regular na OCM, o Artigo 45 establece obxectivos para os operadores alimentarios, en especial para os produtores (art. 45.c), pero carece dunha referencia específica de recoñecemento dos consumidores, por elo propoñemos engadir a este Artigo 45 un novo apartado (f):

¹⁶ Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas. COM(210) 733 final. Bruxelas 10.12.2010. Referido ás figuras das DOP (Denominación de Orixe Protexida), IXP (Indicación Xeográfica Protexida) y ETG (Especialidade Tradicional Garantida).

¹⁷ Considerandos (1) a (5) da Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre os Réximes de calidade dos produtos agrícolas. COM(210) 733 final. Bruxelas 10.12.2010.

Artigo 45.(f)

(f) garantir ao consumidor unha oferta de produtos da pesca e da acuicultura diversificada, certificada na súa calidade e orixe, e a información suficiente para que as súas decisións contribúan á consecución dos obxectivos establecidos neste Regulamento.

No escenario ideal que debuxou a Comisión para 2020 no seu libro verde da Reforma da Política Pesqueira Común [COM(2009)163 final], dicíansenos:

«...a pesca artesanal segue proporcionando peixe fresco de alta calidade que se consume localmente e comercialízase con distintivos de calidade e orixe que aportan un maior valor ao pescador.»

Con esta declaración a Comisión reconece que un futuro ideal para a pesca artesanal -e nós afirmamos que tamén para a acuicultura verde- pasa por ligar a comercialización das súas producións á protección e amparo de selos de calidade e orixe que as diferencie e valorice.

Hai un acordo xeral no que a forza da produción agroalimentaria europea reside na súa diversidade, no saber facer dos produtores, na terra e nos territorios de produción. Os réximes de calidade comunitarios promoven a diversificación de produción, protexen do mal uso ou imitación dos produtos e axudan aos consumidores a coñecer as propiedades e atributos dos produtos. Os réximes de calidade dos produtos agroalimentarios¹⁸ proporcionan un valor engadido á rexión na que se producen, contribuindo ao reto de manter a diversidade e incrementar a competitividade das actividades agrarias (e actividades pesqueiras e acuícolas) e de transformación. Así, fomentan a consecución dos obxectivos das políticas de desenvolvemento rural (e tamén de desenvolvemento costeiro)¹⁹.

Por tanto, os réximes europeos de certificación da calidade (produción ecolóxica, IXPs, ETGs e especialmente DOPs) son un factor importante que pode axudar a mellorar a competitividade dos produtos agroalimentarios europeos no mercado global no que nos encontramos; contribuindo ao

¹⁸ O termo “produtos agroalimentarios” debe entenderse no seu sentido máis amplo que inclúe aos produtos da terra, da gandería, da pesca e da acuicultura.

¹⁹ Libro Verde, de 15 de outubro de 2008, sobre a calidade dos produtos agrícolas [COM(2008) 641 final].
Política de calidade dos produtos agrícolas: Estratexia a seguir (P7_TA(2010)0088). Resolución do Parlamento Europeo, de 25 de marzo de 2010, sobre a política de calidade dos produtos agrícolas: ¿qué estratexia seguir? (2009/2105(INI)) (2011/C 4 E/05). Diario Oficial da Unión Europea C 4E de 7.1.2011.

Dictame do Comité Económico e Social Europeo sobre a «Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas» [COM(2010) 733 final — 2010/0353 (COD)] (2011/C 218/22). Diario Oficial da Unión Europea C 218 de 23.7.2011.

Dictame do Comité das Rexións — «Calidade dos produtos agrícolas» Diario Oficial da Unión Europea C 175 de 1.7.2010.

Dictame do Comité das Rexións — «Por unha política europea ambiciosa en favor de réximes agrícolas de calidade» (2011/C 192/06). Diario Oficial da Unión Europea C 192 de 1.7.2011.

desenvolvemento económico diversificado nas zonas rurais e costeiras, e ofrecen aos consumidores garantías adicionais na súa compra.

Este tipo de selos son especialmente indicados para resaltar as características de calidade – orixe - tradición dos produtos locais²⁰. Polo que sería moi positivo que dentro da nova PPC-OCM se promovera o desenvolvemento deste tipo de selos para os produtos da acuicultura extensiva (acuicultura tradicional cun forte vínculo local) e da pesca artesanal.

Pese a elo, botamos en falta na proposta da Comisión un apoio decidido a estes sistemas de calidade, e especialmente a aqueles que vinculan calidade - orixe²¹; polo que requirimos que a nova PPC outorgue máis protagonismo ás entidades de xestión destes selos (principalmente das DOP) e favoreza a implantación e consolidación en coordinación coas OPs xa que comparten con elas os obxectivos de mellorar a competitividade das producións europeas e de mellorar a renda dos acuicultores e pescadores europeos, ao mesmo tempo que fortalecen a industria transformadora europea e brindan ao consumidor valiosa información relacionada co carácter específico dos produtos.

Galicia, Xaneiro 2012

Francisco A. Alcalde García
Presidente

²⁰ Cabe recordar que dentro das figuras de calidade certificada europeas (DOP, IGP, ETG e produción ecolóxica), non todas teñen a mesma incidencia na defensa e protección dos sectores produtivos autóctonos europeos, xa que mentres que a DOP esixe que o cultivo e a transformación se realicen na mesma zona xeográfica, para as outras non se establecen os mesmos requisitos (como a IXP ou a acuicultura ecolóxica) de tal xeito que si ben teñen un recoñecemento positivo ante o consumidor, son de aplicación xenérica a todos os produtos da mesma categoría á marxe de cal sexa a zona xeográfica.

²¹ Neste punto recordar a resolución do Parlamento Europeo ao respecto de mellorar o funcionamento da cadea de subministro de alimentos en Europa, onde se insta á Comisión a “establecer unha diversificación das normas para os produtos cunha forte base territorial, que se caracterizan pola súa natureza específica, distintiva, local ou rexional en comparación cos produtos estandarizados”

[Ingresos xustos para os agricultores: mellorar o funcionamento da cadea de subministro de alimentos en Europa. Resolución do Parlamento Europeo, de 7 de setembro de 2010, sobre uns ingresos xustos para os agricultores: mellorar o funcionamento da cadea de subministro de alimentos en Europa (2009/2237(INI)) (2011/C 308 E/04). Diario Oficial da Unión Europea 20.10.2011]